

Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.

Ficha documental da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 16/07/1976

Colección:

Data: 16/07/1976

De:

Luís Seoane;

Para:

Domingo García-Sabell;

Orixe:

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

Destino:

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada]

Localización física:Fundación Luis Seoane

Temáticas:

Diario de Delacroix; *El ceñidor de Venus desceñido*; *Ensaíos II*; Artes; Artes visuais; Autores/as; De Stijl; Editions Champ libre; Literatura; Prerrafaelismo; Simbolismo;

Mencionados:

Rafael Alberti; William Blake; Castelao; Rosalía de Castro; Eugène Delacroix; Paul Gauguin; Wassily Kandinsky; Paul Klee; Oskar Kokoschka; Kazimir Maletvich; Piet Mondrian; Maruxa Seoane;

Transcrición da epistola de Luís Seoane, a Domingo García-Sabell do 16/07/1976

Buenos Aires, 16 de Xulio de 1976

Sr. D. Domingo García Sabell
Santiago

Querido Domingo:

Recibín o teu Ensaio II con unha adicatoria que Maruxa e eu agradecémoste moito e mais porque sabémola sinceira, de irmáns como sodes verdadeiros. O teu libro ¿qué

vou decir eu que non teñan dito outros mais autorizados pra facelo que eu? Pola miña parte matino que eres unha das persoalidades da Galicia do que vai de século pola tua laboura de ensaísta, polo idioma que escribes, polo teu aporte centífico, pola túa curiosidade intelectual, universal como houbo poucas dende o noso renascimento. Son espléndidos os catro ensaios por razóns diversas. No primeiro, independente o seu valor centífico, pos a proba a seguridade e calidade do teu humanismo nun tema do noso tempo con unha claridade de xucio sempre túa, e un moi importante coñecimento do estudado deica hoxe. No segundo ensaio, Pintura e conocimiento, comezo por decirche que me parece, como o primeiro, fundamental, mais en este síntome máis cómodo pra te expresar un xucio e penso que poucas vegadas se escribiu na península ensaio tan definitivo onde pos, a carón dos teus conocimientos estéticos, os de carácter biolóxico e antropológico distinguindo eu o referido ao arte zoológico e a obra de arte do home e a besta, supoñendo un arte da besta, pois máis ben redúcese o que fai a instinto, ou a instinto e curiosidade, e, o do home dos nosos días, tendendo a voltar casi soio coa suma de instinto e conocimiento a unha Edade de ouro perdida pra sempre.

Sorprendéronme tamén o acerto das tuas consideracións encol das ideas de pintores como Kokoschka e Klee, ou Mondrian, Kandinski, Maletvich, etc., mais déste derradeiro, pois os outros Klee mais que ningún, foron mais familiares dende os meus anos de Galicia. Maletvich non tanto, pois aínda que tiña algúns catálogos moi completos dél non o leera deica a publicación dos seus escritos por “Editions Champ libre” do ano pasado que merquei en Buenos Aires ao chegar. A Maletvich, como a outros artistas rusos do seu tempo, Kandinski, ocurrialle nas suas proposicións estéticas o que lle tiña ocorrido aos simbolistas de fin de século, que se nota a influencia que exerceu neles o interés polas especulacións ocultistas e o pensamento oriental, polo misterio en xeral, dito de outro xeito. “¿De dónde vimos? ¿Qué somos? ¿Onde imos?” é o tído de un cadro de Gauguin, o iniciador cecáis do simbolismo. As ideas esotéricas que atraen a todo o mundo, mais que, non sei por qué, parecen arraigar mais fondamente nos artistas. Os prerrafaelistas, Blacke, atopándoas a traveso da Biblia, os simbolistas franceses e europeos en xeral, os suprematistas, os do grupo de De Stijl, as ideas neoplasticistas de Mondrian, etc., os surrealistas mais tarde, teñen que ver de algún xeito con elas, como tiveron que ver moitos anarquistas do seu tempo. A idea de Maletvich encol do fin da pintura, renaceu nos nosos anos e volta a diluirse ese final que non remata de se concretar porque o arte vai xunguido á condición humán, tí o explicas moi ben dende o comezo do ensaio. Sería interesante un novo traballo teu encol das teorías estéticas dos pintores, a partir, por exemplo, do Diario de Delacroix. (Encol de Maletvich escribín unha breve estampa en galego, (envíocho) traducida e publicada en Buenos Aires Literaria, Nº 12, setembro de 1953, con outros “Retratos literarios sobre pintores” en diversos números desa revista). Os ensaios de Castelao e mais de Rosalia completan os teus outros traballos encol deles publicados por tí e que merecen libro aparte pola sua lucidez e orixinalidade.

Por hoxe deixo de escribir, pois como ves non digo nada novo. Con o escrito soio quixen decirche que ademiro moito a tua laboura.

O 27 inauguro unha nova mostra de oleos. Recibide Elena e tí unha aperta de Maruxa e miña.

Nota: En 1947, pra Ediciones Botella al Mar, Alberti dounos El ceñidor de Venus desceñido que foi ilustrado con dibuxos meus. Trátase de poemas eróticos. A edición foi de 100 exemplares, hoxe moi buscada.

Créditos do proxecto web

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.